

# Formulario de Avaliación Docente

## INFO

### Preguntas: Criterios e Orientacións

#### Avaliación do Módulo

Crees que o módulo é interesante e útil para a túa formación?

Valora de 1 a 5 a dificultade xeral do módulo

Valora o teu coñecemento da programación do módulo

Valora o grao de cumprimento da programación do módulo

#### Avaliación do/a Docente

Horario

Preparación das clases

Coñecementos

Material didáctico

Metodoloxía

Comunicación

Ambiente: Trato e Participación

Innovación e Actividades

Avaliación

Valoración Global

#### Outros Comentarios e Suxerencias

O que menos che gusta

O que máis che gusta

Outros comentarios e suxerencias

# Preguntas: Criterios e Orientacións

## Avaliación do Módulo

Valora os diferentes aspectos sobre o módulo formativo.

Crees que o módulo é interesante e útil para a túa formación?

Valora de 1 a 5 a dificultade xeral do módulo

Valora o teu coñecemento da programación do módulo

Valora o grao de cumprimento da programación do módulo

Cres que a programación do módulo se está impartindo ao ritmo previsto?

## Avaliación do/a Docente

Valora o capacidade, desempeño e actitude do profesor ou profesora nos seguintes aspectos:

### Horario

Cumpre o/a profesor/a co seu horario? Ten en conta faltas de asistencia e/ou puntualidade.

### Preparación das clases

Prepara e organiza axeitadamente as súas clases?

### Coñecementos

Nivel de coñecementos técnicos e teóricos sobre a materia

### Material didáctico

Valora o material didáctico facilitado. Valorar la apuntes, practicas, exercicios, actividades, debates, prácticas, etc. Guías que faciliten a aprendizaxe, con actividades e orientacións. Bibliografía axeitada. Etc.

### Metodoloxía

A metodoloxía refírese ao xeito de organizar e conducir as clases por parte do profesor. É un concepto que engloba moitas cuestións, como por exemplo: 1) O xeito en que están estruturadas as clases axúdame a comprender e traballar a materia, 2) O reparto entre tempo de explicación, práctica e outras actividades é axeitado, 3) O/A docente estimula o meu traballo persoal na materia, 4) procura a motivación e dinamización da aprendizaxe, 4)

relaciona os contidos teóricos coas actividades, 5) Relaciona a materia con outros módulos, coa realidade profesional e a actualidade.

## Comunicación

Valora de forma xeral a capacidade e eficacia comunicativa do/a profesor/a. Máis concretamente podes preguntarte: 1) Explica con claridade? 2) Resposta ás preguntas con claridade? 3) Transmítenos informacións con rapidez e eficacia, con mensaxes claras e concisas? 4) Favorece, coas súas mensaxes, a dinamización e consolidación do noso proceso de aprendizaxe? 5) Intervén regularmente, enviando mensaxes de orientación e ánimo?

## Ambiente: Trato e Participación

1) Estimula a participación activa nas clases? 2) Promove o pensamento crítico e a expresión de ideas e opinións sobre temas de actualidade relacionados coa materia? 3) Valora o seu nivel de atención co alumnado, 4) a dispoñibilidade no trato, en clase e fóra dela, 5) o ambiente docente na clase. 6) Fomenta a interacción e o traballo cooperativo?

## Innovación e Actividades

1) Valora a capacidade para adaptarse aos cambios, 2) Capacidade para incorporar innovacións didácticas, 3) Capacidade de actualización permanente. 4) Promove actividades extraescolares e/ou complementarias?

## Avaliación

Valora de forma xeral o sistema de avaliación utilizado polo/a docente. Ten en conta os puntos seguintes: 1) O profesor procura saber se entendemos o que explica, 2) fai probas de avaliación continua que nos permiten coñecer o noso grao de aprendizaxe. 3) O contido das probas de avaliación continua e os exames está de acordo cos obxectivos da materia, son coherentes co traballo realizado durante o curso e están proporcionadas á carga docente da materia. 4) As probas de avaliación fomentan a reflexión crítica e a asimilación dos contidos. 5) As probas de avaliación intentan conectar os contidos da materia coa práctica profesional, a vida e a actualidade. 6) Define con claridade o que se debe facer en cada exercicio e os criterios de valoración que se empregan. 7) Corrixe e dá comentarios personalizados sobre o grao en que alcanzamos os obxectivos marcados. 8) A forma de corrixir e valorar exames, probas e traballos, axustáanse aos criterios de avaliación. 9) Aporta solucións das probas de avaliación e comentarios con claridade nun prazo de tempo razoable. 10) Estou satisfeito/a coas valoracións (notas) que recibo no módulo.

## Valoración Global

En definitiva, crees que é un/ha bo/a profesor/a? Valora globalmente a actuación docente.

## Outros Comentarios e Suxerencias

Esta última sección está pensada para que poidas expresar todo aquilo que puidera non quedar reflexado nas anteriores preguntas de valoración numérica. Aquí podes entrar en detalles, comentar e suxerir todo o que che pete. Pensa que a finalidade disto é mellorar a calidade do ensino. Os teus comentarios xunto coas valoracións anteriores serán enviados directamente e de xeito anónimo ao profesor ou profesora correspondente.

### O que menos che gusta

Quédate agusto expresando todo aquilo co que non estás dacordo no xeito de impartir o módulo. Iso sí, con educación por favor. As críticas son máis efectivas cando son construtivas. Poderías dicirnos tamén como mellorar?

### O que máis che gusta

O reforzo positivo tamén é útil para manter a motivación e seguir traballando naquilo que xa funciona e se fai ben.

### Outros comentarios e suxerencias

Calquera outra cousa que non se axuste a todo o anterior.